

RESOLUCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E DO CAMPUS DE LUGO, PARA REGULAR A COLABORACIÓN NA DOCENCIA DO PERSOAL INVESTIGADOR CONTRATADO A TRAVÉS DE PROGRAMAS DE RECURSOS HUMANOS

As convocatorias de axudas de apoio á investigación, tanto na etapa predoutoral como na posdoutoral, poden establecer a colaboración complementaria en tarefas docentes nas titulacións oficiais do persoal contratado ao abeiro delas.

A diversidade e número crecente de convocatorias de axudas deste tipo e a normativa específica da propia universidade para o seu persoal investigador fan necesaria a regulación desta colaboración docente aos efectos do seu coñecemento e xestión por parte dos departamentos, dos centros, e da Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo

Por iso, en virtude da disposición final primeira do Regulamento de Planificación Académica da USC, dítase a seguinte resolución:

PRIMEIRO. Obxecto

O obxecto desta resolución é regular a colaboración docente dos beneficiarios de axudas de apoio á investigación, nas etapas predoutoral e posdoutoral.

SEGUNDO. Criterios xerais

1. As tarefas docentes nas que poderá colaborar o persoal investigador, o número total de horas, e outras condicións da colaboración, deberán axustarse ás convocatorias das axudas, aos convenios que estableza a universidade con entidades colaboradoras, así como aos contratos do persoal investigador.
2. O persoal investigador, predoutoral e posdoutoral, contratado a través de programas de recursos humanos poderá prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes, cun número de horas que non exceda os límites establecidos na convocatoria da axuda, nin o previsto na normativa da universidade no caso de ser distinto.
3. A asignación de titorizacións de TFG/TFM ao persoal investigador contratado realizarase só entre aqueles que podan asistir aos estudantes na realización do traballo ata a defensa do mesmo.

4. No máximo de horas de colaboración docente deben entenderse incluídas a docencia de materias ordinarias de grao e máster, as Prácticas Externas, o Prácticum e a titorización/cotitorización de TFG/TFM.

TERCEIRO. Condicións da colaboración en función dos tipos de axudas

I. PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL

1. Persoal investigador con contrato predoutoral formalizado coa USC

A colaboración complementaria en tarefas docentes poderá desenvolverse unicamente na docencia interactiva en materias ordinarias de grao e na cotitorización de TFG.

Excepción: Poderá colaborar en titulacións de máster (docencia interactiva e cotitorización de TFM) unicamente cando a convocatoria da axuda recolla expresamente a posibilidade de colaboración docente en máster, como por exemplo a convocatoria da Xunta de Galicia de axudas predoutorais 2021.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD do departamento vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente e non computará na capacidade dela.

Período de estadía fóra da USC: no período de estadía no estranxeiro, en centro de investigación español, ou universidade pública distinta da USC, non poderá prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes na USC.

2. Contrato Predoutoral para a formación de doutores e doutoras en empresas (Doutoramento Industrial)

No caso de que a convocatoria da axuda e o convenio asinado entre a USC e a empresa recollan a posibilidade de colaboración en tarefas docentes, igualarase a dita colaboración á establecida para os contratos predoutorais formalizados coa USC (docencia interactiva en materias ordinarias de grao e cotitorización de TFG), co límite de horas establecido na convocatoria, agás que sexa superior ao establecido pola USC.

Excepción: Poderá colaborar en titulacións de máster (docencia interactiva e cotitorización de TFM) unicamente cando a convocatoria da axuda recolla expresamente a posibilidade de colaboración docente en máster, como por exemplo a convocatoria da Xunta de Galicia de axudas para doutoramentos industriais 2021.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD do departamento vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente e non computará na capacidade dela.

3. Persoal investigador alleo á USC con contrato predoutoral formalizado con outra universidade

Non se autorizará a colaboración docente, xa que esta deberá realizarse na universidade de orixe, de ser o caso.

4. Persoal investigador con contrato predoutoral formalizado con outro organismo con convenio coa USC

No caso de contratos formalizados con organismos que asinan convenio coa USC, poderá autorizarse a colaboración en tarefas docentes, sempre que o beneficiario da axuda predoutoral dunha convocatoria pública estea matriculado nun programa de doutoramento na USC e exista convenio entre a USC e o organismo no que estea contratado.

Os termos da colaboración docente na USC serán os establecidos na convocatoria da axuda e no convenio asinado coa USC. En todo caso, será docencia interactiva en materias ordinarias de grao e cotitorización de TFG.

No caso de que existan discrepancias entre as condicións da colaboración recollidas na súa convocatoria e as establecidas pola USC para o seu persoal, a vicerreitoría con competencias en organización académica poderá igualar as condicións de colaboración docente ao establecido pola USC.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD do departamento vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente e non computará na capacidade dela.

II. PERSOAL INVESTIGADOR POSDOCTORAL

1. Persoal investigador con contrato posdoctoral formalizado coa USC

a) Período de estadía na USC

Poderá autorizarse a impartición de docencia en materias de grao e máster e titorizar/cotitorizar TFG e TFM.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD do departamento vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente e computará na capacidade dela.

b) Período de estadía fóra da USC

Durante o período de estadía no estranxeiro, en centro de investigación español, ou universidade pública distinta da USC, a colaboración docente limitarase á cotitorización de TFG e TFM na USC.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD do departamento vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente e computará na capacidade dela.

Excepcións: no caso de que as convocatorias das axudas recollan condicións específicas distintas das anteriores respecto da colaboración docente estarase ao que establezan as ditas convocatorias.

A día de hoxe, están nesta situación:

- As convocatorias posdoctorais 2021 e 2022 da Xunta de Galicia que establecen que a persoa contratada *non poderá ser responsable ou coordinadora da materia*, e que *a colaboración non poderá supor a substitución da docencia do profesorado responsable da materia*.
- A convocatoria de contratos posdoctorais do campus de especialización Campus Terra 2022 que establece que a persoa contratada *non poderá supor a substitución da docencia do profesorado responsable da materia*.

Este persoal deberá estar acompañado nos grupos que teña asignados dun PDI. A colaboración docente será en materias ordinarias de grao e máster e na cotitorización de TFG e TFM.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD do departamento vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente e non computará na capacidade dela.

2. Persoal investigador con contrato posdoutoral formalizado con outra universidade/organismo e con estadía na USC

Durante o tempo de estadía na USC, este persoal poderá impartir docencia en materias de grao e máster, e cotitorizar TFG e TFM.

De existir discrepancias entre as condicións da colaboración recollidas na correspondente convocatoria e as establecidas pola USC para o seu persoal, a vicerreitoría con competencias en organización académica poderá igualar as condicións de colaboración docente ao establecido pola USC.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD do departamento vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente e computará na capacidade dela.

3. Persoal investigador con contrato posdoutoral formalizado con outra universidade/organismo e sen estadía na USC

a) Cando exista convenio coa USC

Poderá autorizarse a colaboración en tarefas docentes na USC sempre que exista convenio entre a USC e a universidade ou organismo que convoque a axuda. O convenio deberá recoller os termos da devandita colaboración.

No caso de que existan discrepancias entre as condicións da colaboración recollidas na súa convocatoria e as establecidas pola USC para o seu persoal, a vicerreitoría con competencias en organización académica poderá igualar as condicións de colaboración docente ao establecido pola USC, agás para os TFG e TFM nos que se autorizará unicamente a cotitorización.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD, vinculado á *Área Externa* da titulación. O centro reservará no PDA as horas correspondentes á colaboración autorizada (*área externa* da titulación).

b) Cando non exista convenio coa USC

A posibilidade de colaboración limitarase á cotitorización de TFG e TFM.

O persoal contratado a través destas axudas non figurará no POD. O centro rexistrará a cotitorización no módulo de asignación de TFG/TFM, e reservará no PDA as horas correspondentes (*área externa* da titulación).

III. PERSOAL INVESTIGADOR DISTINGUIDO

1. Persoal investigador distinguido da USC

O persoal investigador distinguido da USC das modalidades Manuela Barreiro, Sergio Vidal e Jimena Fernández de la Vega poderá impartir docencia en grao e máster, e titorizar/cotitorizar TFG/TFM, polo máximo de horas que recolla a convocatoria/contrato correspondente.

O persoal contratado a través destas axudas figurará no POD do departamento vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente e computará na capacidade dela.

2. Persoal investigador distinguido doutra universidade ou organismo

Estarase ao que dispoña a convocatoria da universidade ou organismo correspondente, e aos compromisos adquiridos pola USC mediante os oportunos convenios e/ou contratos.

No caso de que existan discrepancias entre as condicións da colaboración recollidas na súa convocatoria e as establecidas pola USC para o seu persoal, a vicerreitoría con competencias en organización académica poderá igualar as condicións de colaboración docente ao establecido pola USC

IV. PERSONAL CONTRATADO CON CARGO A CONVOCATORIAS DE RECUALIFICACIÓN DO PROFESORADO UNIVERSITARIO FUNCIONARIO OU CONTRATADO

Para a colaboración docente do persoal contratado con cargo a estas convocatorias estarase ao que dispoña a convocatoria da axuda da universidade ou organismo correspondente.

No caso de que existan discrepancias entre as condicións da colaboración recollidas na súa convocatoria e as establecidas pola USC para o seu persoal, a vicerreitoría con competencias en organización académica poderá igualar as condicións de colaboración docente ao establecido pola USC.

CUARTO. Solicitudes de alta para a colaboración docente

Para asignar encargo docente aos beneficiarios das axudas os departamentos deberán enviar un correo electrónico ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (sxopra@usc.es), indicando a área á que se vincularán e achegando copia do contrato ou da prórroga do mesmo e, de ser o caso, o convenio correspondente.

No caso de que, unha vez iniciada a colaboración docente, o investigador/a renuncie ao contrato polo que se lle asignou encargo docente, o departamento revisará o seu POD e, de ser o caso, solicitará unha modificación para retirar o encargo docente non realizado.

De producirse un cambio de contrato no mesmo curso, o departamento achegará o novo contrato, con indicación da área á que deberá quedar vinculado, revisará o seu POD e, de ser o caso, solicitará a súa modificación para asociar o encargo docente ao contrato correspondente.

QUINTO. Disposicións finais

1. Procedemento para o cómputo da colaboración docente por curso académico

Dado que a colaboración docente non se recolle do mesmo xeito nas distintas convocatorias (horas anuais, horas por curso académico), a USC computará sempre por curso, en concordancia co período temporal do calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

A colaboración docente non superará os límites establecidos na convocatoria da axuda.

2. Concentración da colaboración docente nun semestre do curso académico

Autorízase a concentrar a colaboración docente para o curso nun único período académico, a criterio do departamento e sempre que as sesións programadas para as materias estean comprendidas dentro das datas nas que o contrato estea vixente, e se respecten os límites establecidos na convocatoria da axuda.

SEXTO. Aplicación

Esta resolución entrará en vigor coa súa publicación no taboleiro electrónico da USC e será de aplicación desde o curso 2022-2023.

Santiago de Compostela,

Por delegación do Reitor
(RR do 21.04.2022 – DOG do 26.04.2022)
O Vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo

Francisco Fraga López

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FRANCISCO JOSE FRAGA LOPEZ, VICERREITOR DE ORGANIZACION ACADEMICA E DO CAMPUS DE LUGO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16/09/2022 14:11:55.

CSV: 4299-2EBB-4281-A482